



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO NA CIDADE DE VIGO

1.- OBXECTO DESTE PREGO DE BASES

As áreas de xogo do Concello de Vigo están a sufrir profundas transformacións nos derradeiros anos con fortes inversións e co obxecto de incrementar o número e a calidade das áreas. As crecentes demandas en número de zonas e no aumento das prestacións das existentes, tanto no que se refire a parques infantís como áreas biosaudables e áreas deportivas ximnásticas, conduciron á creación de numerosas novas superficies encamiñadas a cumprir cos obxectivos demandados. Todas estas actuacións requiren un axeitado programa de mantemento que controle o funcionamento correcto de todos estes espazos e sobre todo garantiren as condicións de seguridade dos usuarios.

É obxecto do presente prego fixar as bases técnicas que han de regular o procedemento multicriterios para a contratación dos traballos de conservación e reposición de:

- a) parques infantís, áreas biosaudables e deportivas ximnásticas,
- b) mobiliario urbano,

no termo do municipio de Vigo, que se indican nos anexos I, II, III, IV e V.

2.- OBXECTIVOS

O obxectivo deste contrato para todos os labores de conservación, así como de reposición deberán ser aplicados en tempo e forma, para as distintas áreas de xogo (parques infantís, áreas biosaudables e deportivas ximnásticas) e mobiliario urbano (bancos e bebedeiros en beirarrúas) e como tal, o resultado ten que traducirse nun aspecto impecable percibible polos cidadáns en todas e cada unha das áreas indicadas, co fin de conseguir que a cidade de Vigo dispoña dunhas áreas de xogo de máxima calidade e seguridade e en perfecto estado de uso.





3.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O mantemento inclúe todos os elementos perimetrais e internos das áreas e os bancos e bebedeiros que se atopan nas beirarrúas e superficies en xeral.

3.1.- INCREMENTO DA SUPERFICIE DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

O adxudicatario está obrigado a admitir, para a súa conservación e reposición, tanto os parques infantís, áreas biosaudables e deportivas ximnásticas de nova creación como os existentes que, con motivo de obra nova, ampliacións, reformas, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo, ou calquera outro, incrementen as superficies de actuación municipal dentro de cada zona, así como os novos bancos e bebedeiros que se coloquen en beirarrúas; igualmente, aquelas que a Concellería, por proposta do Departamento de Montes, Parques e Xardíns aconselle que a súa conservación e reposición se realice con medios alleos ao Concello, nas mesmas condicións que o resto da adxudicación, coa correspondente valoración individual e revisión de prezos en función da época en que se reciban.

Todas as ampliacións indicadas anteriormente que non superen o 5 % de incremento respecto ao importe adxudicado ao inicio do contrato, estarán exentas de custe algún para o Concello de Vigo.

3.2.- XESTIÓN INFORMÁTICA DO SERVIZO

A empresa adxudicataria actualizará periodicamente o inventario de todos os elementos das zonas obxecto do contrato.

As posibles modificacións que puideran xurdir, tanto en superficie como en número de elementos incluídos dentro destas, require que a empresa adxudicataria conte co software necesario para construír un sistema de información xeográfica (GIS), para o seguimento e actualización do inventario.

O adxudicatario deberá por a disposición do departamento de Montes, Parques e Xardíns toda información necesaria compatible con soportes informáticos municipais para que dende as instalacións municipais se poida comprobar en todo momento a información seguinte:

- Axuste perfecto dos perímetros das áreas de xogo.
- Coñecer con todo detalle todos os elementos que forman parte da área de xogo (infantís, biosaudables, deportivas ximnásticas) e do mobiliario urbano en beirarrúas





CONCELLO
DE VIGO



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

- Determinar a adecuada identificación de todos os elementos tanto en nomenclatura como en características e atributos dos mesmos.

Toda esta información deberá ser actualizada en tempo e forma.

4.- CONDICIÓN DO MANTEMENTO

4.1.- MANTEMENTO DAS ÁREAS DE XOGO (PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES E ÁREAS DEPORTIVAS XIMNÁSTICAS)

O adxudicatario, co persoal idóneo en número e competencia profesional ao seu cargo a todos os efectos, así como con equipos de transporte, maquinaria e ferramentas de tipos, sistemas e características modernas e eficaces, atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos seguintes labores:

Programa de inspección das áreas de xogo

- Inspección ocular de rutina.

Consistirá en identificar os riscos derivados de actos vandálicos, do uso ou dos axentes climatolóxicos. Cómpre observar nesta inspección os deterioros existentes apreciábeis nunha primeira ollada e, manter a área de xogo libre de obxectos perigosos. Semanalmente como mínimo e, todas as veces que sexa necesario, garantirase unha inspección a cada zona de xogo.

- Inspección funcional.

É unha inspección máis profunda co obxectivo de comprobar o funcionamento, a estabilidade, as ancoraxes ou cimentacións dos equipos e observar o estado e desgaste de pezas ou compoñentes. Realizarase unha inspección quincenal como mínimo e todas as que sexan necesarias.

- Inspección principal.

Consistirá en comprobar como mínimo cada 6 meses e, todas as veces que sexa necesario, a seguridade en conxunto dos equipamentos, cementacións, e superficies, así como a putrefacción ou corrosión das partes dos equipos. Débese prestar especial atención aos elementos reparados co fin de estudar o deterioro das pezas de recambio e se obedece a un uso excesivo do equipo, a unha deficiente instalación, ou a unha baixa calidade dos materiais.





Se no transcurso da inspección se detecta algún deterioro importante que pon en risco a seguridade do equipo, débese actuar axiña, ben reparándoo ou, de non ser isto posible pola necesidade de contar con pezas de reposto, desmontando ou clausurando parte ou a totalidade do equipo. De retirar o equipo, debe observarse que as ancorases non ofrezan perigo para os usuarios, procedendo á reposición á maior brevidade posible.

Así mesmo, o adxudicatario está obrigado a obter e manter vixentes os certificados de calidade correspondentes emitidos por unha empresa certificadora autorizada, que serán aportadas ao Concello anualmente onde conste que cumpren cos Decretos da Xunta e das normativas europeas. Nestes intre todos os parques infantís se entregan á adxudicataria con todos os certificados que esixe a normativa vixente. **Tódolos custes destes certificados de calidade correrán por conta do adxudicatario.**

Programa de mantemento

- Mantemento de rutina.

Realizarase diariamente e consistirá en:

- Axuste de pezas de unión
- Pinturas e tratamentos de superficies.
- Lubricación de *coxigóns* e rodamento.
- Limpeza do equipo.
- Control do nivel mínimo esixible en materiais adecuados para as superficies de absorción de impactos (area, casca, grava, etc.) e repor material os mínimos esixibles.
- Limpeza e retirada de residuos perigosos (cristais, metais, pedras, latas, etc.)
- Mantemento das zonas de libre circulación dentro das áreas de xogo.

Os materiais necesarios para todo este mantemento serán por conta do adxudicatario.

- Mantemento correctivo.

Consistirá en:

- Substitución de pezas.
- Soldaduras ou renovación de pezas.
- Substitución de pezas defectuosas ou moi desgastadas.





**CONCELLO
DE VIGO**



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

- Substitución de elementos estruturais defectuosos ou moi deteriorados.

No momento de efectuar as reparacións ou substitucións debe prohibirse o uso dos elementos de xogo, acoutando a zona de traballo.

Todo o valado necesario para efectuar estes labores deberá estar sinalizado seguindo instrución do Departamento de Montes, Parques e Xardíns no referente a modelo de cartelería, dimensións, texto, etc.

Os materiais necesarios para todo este mantemento serán por conta do adxudicatario.

Mantemento dos areeiros

Os obxectivos do mantemento dos areeiros son:

- Mantelos en condicións correctas de hixiene, de seguridade, de uso e de aspecto.
- Evitar a súa compactación co transcurso do tempo.
- Manter a disgregación das partículas de area.
- Manter o espesor e a homoxeneidade da superficie do areeiro.
- Asegurar que se cumpran as especificacións.

As condicións locais marcarán a pauta das operacións de mantemento que cumpran e inspeccionaranse regularmente.

- Inspección visual ordinaria.

A inspección visual ordinaria permite identificar as posibles deficiencias.

Puntos de observación

Características deficientes

Area	Compactación Diminución do nivel Extensión insuficiente Insalubridade
Drenaxe	Obturación Ruptura
Elementos de contención	Ruptura, achas.





CONCELLO
DE VIGO



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

Se durante as inspeccións visuais ordinarias dos areeiros identifícanse deficiencias graves que poidan poñer en perigo a seguridade dos usuarios, se impedirá o acceso do público ao areeiro ata que estea reparado e dispoña de todas as medidas de hixiene e seguridade mediante os debidos labores de limpeza, reposición, reparación e desinfección ou renovación. **Todos os materiais necesarios para estes labores serán por conta do adxudicatario.**

Recomendase levar a cabo as inspeccións usuais ordinarias dos areeiros a cotío. En particular, inspeccionarase o espesor da capa de area das áreas de chegada dos tobogáns, debaixo dos bambáns, etc., así como as zonas de ancoraxe dos diferentes elementos de xogo.

- Inspección hixiénico-sanitaria

Levarase a cabo unha inspección hixiénica-sanitaria con toma de mostra e análise parasitolóxica e bacteriolóxica.

Os areeiros non deberán presentar concentracións superiores a 10^3 u.f.c./g (unidades formadoras de colonias por gramo de area) nin en *Escherichia coli* nin en estreptococos fecais.

Ningún ovo ou quiste de protozoo de especies que poidan afectar ao ser humano, e en particular das especies seguintes:

- *Toxocara canis*
- *Toxocara cati*
- *Ascaris lumbricoides*,
- *Trichurus trichiura*,
- *Hymenolepis nana*,
- *Taenia* spp. (*T. saginata*, *T. solium*, *E. granulosus*)

Para asegurar que se cumpre con estas características tomaranse mostras e realizaranse análises.

Nos areeiros de superficie inferior ou igual a 60 m^2 efectuaranse ao menos 3 tomas de mostras simples por areeiro de aproximadamente 250 g cada unha.

Nos areeiros cunha superficie superior a 60 m^2 deberase efectuar 1 toma de mostra simple cada 20 m^2 aproximadamente.

As extraccións das mostras simples efectuaranse por medio dunha pala estéril ou similar. Baleiraranse as extraccións de area en bolsas de plástico ou bidóns de boca





ancha estériles.

As tomas de mostras simples deberanse realizar repartidas uniformemente en todo o areeiro, tomarase unha mostra simple cada certo número de pasos, fixadas de acordo coa extensión do areeiro e do número de mostras simples que tomar. Estas deberanse tomar preferentemente alí onde xogan as cativas e os cativos. Asemade incorporase como información adicional unha ficha da toma de mostras.

A profundidade do mostraxe vén determinada polo espesor total da capa de area de recheo do areeiro e sempre cumprindo coa normativa vixente en cada momento. É importante que a cantidade de porción de cada mostra conteña aproximadamente a mesma cantidade de area e igualmente repartida entre todo o intervalo que constitúe a profundidade de mostraxe.

Unha vez adxudicada a concesión realizarase unha analítica completa das zonas de xogo e tras o estudo das analíticas e das condicións específicas de cada unha, establecerase a periodicidade (1-3 meses) necesaria para garantir a salubridade. **Os protocolos analíticos serán os que descritos na NTJ-13R**, e realizaranse nun laboratorio acreditado. Se considera oportuno o Servizo poderá requirir que se lle entregue unha mostra para realizar unha analítica de contraste nos laboratorios municipais ou outro que considere oportuno. **Todos os custes para levar a cabo estas tarefas serán por conta do adxudicatario.**

- Labores de conservación

Limpeza

A limpeza dos areiros en áreas de xogos considera as operacións seguintes:

- Pasarase o angazo á area en superficie unha vez o día para eliminar os eventuais corpos estraños.
- Voltérase a area en todo o seu espesor unha vez ao trimestre como mínimo e se retirarán os eventuais corpos estraños apreciables a simple vista.

Co acabado das operacións de limpeza garantirase que a superficie do areeiro se manteña lisa, homoxénea, disgregada e sen ocos.

Reposición e renovación

Para a reposición do nivel da superficie do areeiro terase en conta as seguintes especificacións:





**CONCELLO
DE VIGO**



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

- Repoñer sempre as perdas de area para que esta alcance o nivel correcto inicialmente establecido.
- Non devolver ao areeiro a area que caeu fóra do recinto.
- Renovarase a totalidade da area unha vez ao ano como mínimo.

Todos os materiais para realizar estas tarefas correrán por conta do adxudicatario.

Desinfección

Para a desinfección do areeiro e dos elementos de mobiliario que estean ubicados dentro do perímetro da zona de xogo, utilizaranse produtos inscritos nos rexistros oficiais correspondentes e autorizados para este uso, e o persoal que os manexe será autorizado.

Para o manexo, aplicación e prazo de seguridade, de ser o caso, seguiranse as instrucións dadas na etiqueta do produto e polos servizos oficiais correspondentes.

Os produtos necesarios para realizar estas tarefas correrán por conta do adxudicatario.

Permeabilidade

O mantemento do sistema de drenaxe dos areeiros deberá garantir a evacuación da auga infiltrada e asegurar que conserva as súas propiedades hidrodinámicas en termos de permeabilidade.

Para levar a cabo un mantemento correcto do sistema de drenaxe deberanse inspeccionar e limpar periodicamente todos os seus dispositivos.

Descompactarase a area do areeiro a unha profundidade duns 20 cm e moi especialmente nas áreas máis compactadas (áreas de chegada dos tobogáns, debaixo dos bambáns, etc.) despois dun uso intensivo, de grandes choivas ou de nevadas, xeadas, etc.

As arquetas limpanse unha vez ao mes, como mínimo.

Comprobarase o funcionamento dos puntos de sumidoiro cada 6 meses ou antes si se apreciase algunha anormalidade.





**CONCELLO
DE VIGO**



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

Normativa técnica que cumprir

As áreas de xogo infantís deberán cumprir o Decreto 245/2003, do 24 de abril polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, así como a normativa europea seguinte:

- UNE-EN 1176-1: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-2: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-3: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-4: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-5: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-6: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-7: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-10: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1176-11: 2009 (ou similar)
- UNE-EN 1177 2009 (ou similar)

A aplicación das normas, deberá realizarse mediante as directrices establecidas nas UNE 147101: 2000 IN (ou similar) , UNE 147102:2000 IN (ou similar) e UNE 147103:2001 (ou similar) e as posibles novas normativas que se dispoñan ao longo do presente contrato.

4.2.- MANTEMENTO DO MOBILIARIO URBANO

Dentro desta área de mantemento inclúense: os bancos (de madeira, metal, pedra, etc) e os bebedeiros que se atopan nas beirarrúas e que aparecen relacionados no anexo IV e V.

Programa de inspección do mobiliario urbano

- Inspección ocular de rutina

Consistirá en identificar os riscos derivados de actos vandálicos, do uso ou dos axentes climatolóxicos. Cómpre observar nesta inspección os deterioros existentes apreciábeles nunha primeira ollada e, manter o mobiliario libre de obxectos perigosos. Como mínimo, semanalmente garantírase unha inspección a cada elemento do mobiliario.

- Inspección funcional.

É unha inspección máis profunda co obxectivo de comprobar o funcionamento, a





estabilidade, as ancoraxes ou cimentacións do mobiliario e observar o estado e desgaste de pezas ou compoñentes. Realizarase a inspección tantas veces como sexa necesario.

- Inspección principal

Consistirá en comprobar, a seguridade en conxunto dos equipamentos, cementacións, e superficies, así como a putrefacción ou corrosión das partes do mobiliario. Debese prestar especial atención aos elementos reparados co fin de estudar o deterioro das pezas de recambio e se obedece a un uso excesivo do elemento, a unha deficiente instalación, ou a unha baixa calidade dos materiais. Realizarase cantas veces sexa necesario.

Se no transcurso da inspección se detecta algún deterioro importante que pon en risco a seguridade do elemento, débese actuar axiña, ben reparándoo ou, de non ser isto posible pola necesidade de contar con pezas de reposto, desmontando o clausurando parte ou a totalidade do elemento. De retirar o elemento, debe observarse que as ancorases non ofrezan perigo para os usuarios.

Todos os materiais para desenvolver estas tarefas serán por conta do adxudicatario.

Tarefas de mantemento a desenvolver

Estes traballos inclúen: limpeza, pintado, engraxado, lixado e todas aquelas tarefas encamiñadas a manter en perfectas condicións de uso e aspecto os elementos de mobiliario urbano, así como a súa reparación, instalación, montaxe, cimentación, demolición, substitución etc...

Limpeza

Os elementos de mobiliario deberanse manter limpos, entre outros, de:

- Restos e faragullas.
- Po e barro.
- Manchas.
- Pintadas (*graffiti*)
- Adhesivos e cartelería
- Malas herbas.
- Organismos vivos nocivos

A limpeza xeral e a eliminación dos restos e refugos dos elementos de mobiliario





PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS Expte.: 7524/446

deberanse levar a cabo decote. A eliminación de manchas, pintadas, malas herbas e a desinfección dos elementos de mobiliario levaranse a cabo periodicamente de acordo coas necesidades particulares e con intervencións inmediatas cando a raíz das inspeccións sexan necesarias.

Os materiais necesarios para a execución destas labores de mantemento correrán a cargo do adxudicatario.

Aspecto

Deberase manter o máximo posible o aspecto orixinal (cor, textura e deseño) das superficies dos elementos de mobiliario tendo en conta o envellecemento propio de cada material. Deberase evitar a súa degradación debida ao uso, inclemencias meteorolóxicas ou reparacións continuadas.

Seguridade

De presentar un elemento de mobiliario unha desprotección que o faga inseguro, deberanse tomar as precaucións necesarias para evitar o acceso dos usuarios e en particular das cativas e dos cativos, das persoas maiores e das persoas con limitacións ou mobilidade reducida. Durante a instalación ou reposición dos elementos de mobiliario, durante o seu mantemento e particularmente durante a maior parte das reparacións, estes deberán cumprir as medidas de seguridade para poder ser usados ou, en caso contrario, deberanse sinalar correctamente para impedir que se acceda a eles de forma que non estea dispoñible o elemento de mobiliario ata a súa completa reparación ou ben deberanse retirar da zona temporalmente, á maior brevidade posible.

5.-CONDICIÓNS XERAIS DE REPARACIÓN E REPOSICIÓN

Definimos como **mantemento, conservación e reposición** de pezas necesarias, ao conxunto de traballos encamiñados á restitución do uso normal do elemento que se atopa danado, sexa cal sexa a reparación a facer e a causa do dano (incluso por actos vandálicos, accidentes, etc) incluíndo se fose necesario a substitución de algún material ou estrutura, previa aprobación do Departamento de Montes, Parques e Xardíns. O contratista deberá reparar ou substituír as pezas que se deterioren por acción de terceiros por culpa, dolo ou negligencia e subrogarse na posición da administración para efectuar as reclamacións oportunas.

Os materiais a empregar en todas as reparacións serán orixinais. Soamente en casos excepcionais autorizarase o uso de materiais non orixinais sempre que en caso de





PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

parques infantís se presente documento do fabricante que asegure que a reparación realizada con eses materiais non diminúe a seguridade do xogo.

O adxudicatario queda obrigado tamén a facerse cargo das canalizacións dende a acometida de auga ata o punto onde estea ubicado o bebedeiro.

Todos os materias para realizar estas tarefas serán por conta do adxudicatario.

Procede unha **reposición completa ou total** cando a avaría ou dano sexa de tal magnitude, que o seu arranxo non sexa posible ou convinte.

Para a execución destes traballos, o adxudicatario reparará de xeito inmediato os elementos. No caso de que o elemento resulte inservible procederase ao seu inmediato valado e tras consulta co Departamento de Montes, Parques e Xardíns farase a súa substitución incluso demolición e/ou desmontaxe da cimentación.

Os elementos aos que se refire o parágrafo anterior que resulten inservibles e unha vez efectuada a comprobación oportuna polo departamento de Montes, Parques e Xardíns sobre a inutilidade de ditos elementos e a non posibilidade de substitución de partes parciais do mesmo, a reposición completa correrá por conta do Concello.

Todos os residuos serán responsabilidade do adxudicatario que os xestionará pola súa conta cumprindo escrupulosamente toda a lexislación e normativas en vigor.

En caso de que o Concello adquira novo mobiliario para as vías publicas, a súa instalación, **colocación e mantemento continuo será a cargo do adxudicatario, incluso os dados de formigón, anclaxes rápidos ou expansivos, placas de ancoraxe e todo o material necesario.**

6.- HORARIOS

A xornada laboral habitual de traballo desenvolverase entre as 7:45 e as 15:00 horas, de luns a venres. Ademais terase en conta o seguinte:

Dado que os sábados, domingos e festivos é cando máis se utilizan as parques infantís, áreas biosaudables e áreas deportivas ximnásticas, o adxudicatario porá a disposición os medios necesarios (materiais, humanos,..) para proceder a efectuar todos os labores de mantemento e limpeza, nos citados días, co obxecto de obter as áreas nunhas perfectas condicións de uso e disfrute para os usuarios.





7.- PLAN DE EMERXENCIA

En todo momento existirá un equipo de emerxencia para facer fronte a calquera eventualidade que aconteza en calquera punto do termo municipal localizado as 24 horas do día e os 365 días do ano cos efectivos suficientes e proporcionais á magnitude das eventualidades.

Deste xeito o adxudicatario terá a obriga de ofertar e establecer un Plan de Actuacións urxentes ou de emerxencia, traballos imprevisibles, etc, operativo dende o primeiro día de inicio do servizo. Dito plan deberá ser presentado e sometido á aprobación do Concello mediante supervisión dos técnicos do departamento de Montes, Parques e Xardíns e posterior aprobación no órgano de contratación.

Dito plan deberá contemplar:

- 1.- Disposición mínima de efectivos ante eventualidades previsibles (reténs)
- 2.- Disposición de efectivos ante eventualidades reais (emerxencias)
- 3.- Prazo máximo de resposta ante calquera eventualidade...1/2 hora

Estes dispositivos de emerxencia non suporán custo algún para o concello

8.- MATERIAL E FERRAMENTAS

A adquisición de todo tipo de material necesario para a prestación do servizo será de conta e cargo do adxudicatario, así como os gastos de entretemento, conservación e mantemento para un perfecto funcionamento durante o período de vixencia do contrato.

O adxudicatario deberá achegar cantas ferramentas se precisen para a boa realización do servizo concursado e disporá das reservas correspondentes para suplir as normais incidencias que xurdan. Todas elas deberán atoparse en perfecto estado de conservación e limpeza en todo momento.

Así mesmo todo o material estará homologado e cas marcxas da CE.

9.- VEHÍCULOS E MAQUINARIA

Os licitadores deberán facer constar expresa e detalladamente o material móbil que decidan subscribir ao servizo, tendo en conta que deberán prever o suficiente de reserva





PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

para que baixo ningún concepto se entorpeza a marcha normal dos servizos.

Os vehículos deberán ser adecuados ás funcións que deban realizar, debendo ter bo aspecto exterior e de fácil lavado tanto interiormente como exteriormente.

Todos os vehículos e maquinaria que aportan as empresas licitadoras se atoparán en perfectas condicións, tanto estético como funcionais e de mantemento.

Quédalle prohibido ao adxudicatario introducir vehículos de tracción mecánica nos parques, agás nos casos necesarios para os labores propios do servizo.

Para isto e para calquera caso excepcional, solicitarase o oportuno permiso do Departamento de Montes, Parques e Xardíns.

Todos os vehículos deberán ir provistos dun sistema de localización rápido e eficaz que permita coñecer en todo momento a súa situación (GPS).

Así mesmo, os vehículos deberán ir rotulados segundo texto e indicación do Departamento de Montes, Parques e Xardíns.

10.- SERVIZO DE INSPECCIÓN E CONTROL

O Concello de Vigo inspeccionará en todo momento a forma de prestación do servizo adxudicado en relación coas especificacións do presente prego. O departamento de Montes, Parques e Xardíns manterá un servizo de inspección coa organización que estime oportuna, se ben, comunicarlle ao adxudicatario as persoas que han de ter relación directa con el.

As facultades dos técnicos designados para desempeñar o servizo de inspección serán as seguintes:

- Controlar que os labores se efectúen oportunamente e na forma estipulada.
- Controlar se cumpre tanto o estipulado neste prego de bases como nos posibles compromisos posteriores do adxudicatario en canto ao número e cualificación do persoal operario nas distintas zonas para o que existirá un sistema de control dixitalizado e diario conectado ao servizo municipal de parques e xardíns.
- Determinar se os equipos, maquinaria e ferramentas que teñan que utilizar na realización dos labores satisfacen as condicións esixidas no presente prego.



**CONCELLERÍA
DE
PARQUES
E XARDÍNS**

**CONCELLO
DE VIGO**



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS
Expte.: 7524/446

ANEXOS

ANEXO I. Parques Infantís

Anexo I.A. Relación de parques infantís (superficie, perímetro, número de elementos)
Anexo I.B. Descrición detallada de elementos de cada parque
Anexo I.C. Planos

ANEXO II. Áreas Biosaudables

Anexo II.A. Relación de áreas biosaudables (superficie, perímetro, número de elementos)
Anexo II.B. Descrición detallada de elementos de cada área
Anexo II.C. Planos

ANEXO III. Áreas Deportivas ximnásticas

Anexo III.A. Relación de áreas deportivas ximnásticas (superficie, perímetro, número de elementos)
Anexo III.B. Descrición detallada de elementos de cada área
Anexo III.C. Planos

ANEXO IV. Listado de bancos en beirarrúas

ANEXO V. Listado de bebedeiros en beirarrúas

